



Concello de Vigo
Expte. 2870/1101

PLENO DO EXCMO. CONCELLO .- Núm. 3

CONVOCATORIA

ORDE DO DIA para a sesión ORDINARIA que terá lugar o día TRINTA E UN de MARZO de 2021, ás NOVE HORAS, por vídeo conferencia e presencial no salón de Plenos deste Concello.

PARTE RESOLUTIVA

- 1.- Actas anteriores:** Ordinaria do 27 de xaneiro e ordinaria do 24 de febreiro do 2021.
- .- Declaracións institucionais.**
- 2.-** Declaración Institucional presentada pola Federación Galega de enfermidades raras e crónicas (FEGEREC) polo Día Mundial das enfermidades raras 2021. Rexistro Pleno 2842/1101.

Ditames das comisións informativas:

ORZAMENTOS E FACENDA

- 3.-** Modificación Orzamentaria nº 23/2021. Suplemento de Crédito e Crédito Extraordinario financiado con remanente líquido de Tesourería. Expte. 830/441 (Rexistro Pleno 2848/1101).
- 4.-** Aprobación inicial do proxecto de modificación da Ordenanza reguladora das taxas pola prestación do servizo das escolas de primeira etapa de educación infantil. Expte. 2701/500. (Rexistro Pleno 2846/1101)
- 5.-** Dar conta da Resolución da Alcaldía polo que se aproba a Liquidación do Orzamento do Concello e do seu Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo correspondente ao exercicio 2019. Expte. 176/143 (Rexistro Pleno 2836/1101)



- 6.- Dar conta do informe da Intervención e do resumo dos resultados do control interno do exercicio 2020 . Expte. 102816/140 (Rexistro Pleno 2845/1101)
- 7.- Dar conta da Memoria do Tribunal Económico-Administrativo correspondente ó exercicio 2020. Expte. 5318/550 (Rexistro Pleno 2849/1101)
- 8.- Dar conta do Plan anual de auditorías e control financeiro do Concello de Vigo correspondente ao exercicio 2020. Expte 102820/140 (Rexistro Pleno 2843/1101)
- 9.- Dar conta da Resolución da Alcaldía de data de 11.03.21 polo que se aproba o perímetro de consolidación e os marcos orzamentarios para o período 2022-2024. Expte. 178/143 (Rexistro Pleno 2847/1101)

Mocións:

- 10.- Moción do concelleiro membro non adscrito sobre as medidas necesarias fronte á crise industrial e comercial na cidade de Vigo. Rexistro Pleno 271/1101.
- 11.- Moción do grupo municipal do Partido Popular, instando ao goberno central a poñer solución a tódalas carencias estruturais da cidade de Vigo, no que a competencias estatais se refire. Rexistro Pleno 273/1101.
- 12.- Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta de Galicia a realizar unha achega económica de 500.000 euros para a celebración do festival "O Marisquiño". Rexistro Pleno 274/1101.
- 13.- Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta de Galicia a aprobación do proxecto de eliminación de risco de inundación do río Lagares ao seu paso polo polígono do Caramuxo, tramitación administrativa e execución inmediata. Rexistro Pleno 2875/1101.

PARTE DE CONTROL

- 14.- Dar conta de resolucións da Alcaldía dende o 15.02 ao 17.03.2021. Expte. 986/1102 (Rexistro Pleno 2862/1101).
- 15.- Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as dende o 15.02 ao 17.03.2021. Expte. 987/1102 (Rexistro Pleno 2863/1101).

Mocións.



16.- Moción do grupo municipal Mixto sobre control de prezos de alugueiros abusivos, garantías para persoas arrendatarias e pequenos propietarios/as. Rexistro Pleno 2865/1101.

17.- Formulación de rogos.

18.- Formulación de preguntas.

DECRETO DE CONVOCATORIA:

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes concluídos para a súa inclusión na orde do día, convócase ó Pleno da Corporación para ter lugar sesión **ORDINARIA**, por vídeo conferencia e presencial, estarán no salón de Plenos o Alcalde, os voceiros dos grupos municipais, membro non adscrito e os Tenentes de Alcalde, ás **NOVE HORAS** do día **TRINTA E UN** de **MARZO**, para resolver os asuntos da devandita relación.

Se na primeira convocatoria non existira o quórum necesario, entenderíase convocada a sesión automaticamente á mesma hora dous días despois.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Corporación para a súa concurrencia puntual ó acto e fágase público no taboleiro da Casa do Concello ós efectos de información.

am

O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez

Vigo, data sinatura electrónica
O SECRETARIO XERAL DO PLENO,
Jose Riesgo Boluda

